

● **BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**
"M^a JOSÉ RUSSO". DORNEDA

Outubro: o luns, día 24
Novembro: os luns, días 14 e 28

● **BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**
"ÁNSEL FOLE". NÓS


Outubro: o venres, día 21
Novembro: os venres, días 4 e 18

● **BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**
"FEDERICO GARCÍA LORCA". MONTROVE

Outubro: o martes, día 25
Novembro: os martes, días 8 e 22

● **BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL**
"XOGRAR MENDIÑO". LORBÉ

Novembro: o mércores, día 30



A Hora do Conto

nas Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros

■ Biblioteca Central Rialeda: 981 639 511
■ Teléfono do Veciño: 981 610 000

CATÁLOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO ▼
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

A Hora do Conto

Para a nena e neno pequeno a palabra oída exerce unha gran fascinación. O conto ou a poesía incorpóranos a unha cultura que lle pertence, fano partícipe dunha creación colectiva e outórganlle signos de identidade. O libro oído, visto, tocado, como lectura compartida con outras nenas e nenos, axudarlle no seu contacto coa letra impresa, motivando unha lectura gozosa.

A través do universo máxico dos contos desenvólvese a imaxinación, a fantasía e a capacidade de fabulación de quen escoita. Trátase de espertar unha sensibilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura, que os nenos e nenas vexan que tamén se poden divertir e pasar momentos moi agradables cos libros.

OBXECTIVOS:

- Que as nenas e nenos se divirtan escoitando contos.
- Que descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura.
- Que as nenas e nenos aos que xa lles gusta ler afiancen e consoliden este hábito.



** Comprender, divertirse e reflexionar son os tres principais puntos en que se basea esta actividade.*

As contadoras e contadores **Paula Carballeira, Soledad Felloza, Fran Ínsua, Inés Cuadrado, Ramiro, Caxoto e a Compañía Trinke-Trinke** cos **"Ratos da biblioteca"** narrarán diversos contos, como unha invitación a viaxar a un tempo máxico de fantasía e imaxinación.

A actividade está dirixida a nenas e nenos menores de 10 anos.

Todos os actos terán lugar ás: 18:30 h
Os días festivos non haberá actuacións.

Esta actividade de animación á lectura realizarase de forma lúdica, activa e participativa, fomentando a imaxinación e a creatividade.

● BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

Outubro: os xoves, días 13, 20 e 27
Novembro: os xoves, días 3, 10, 17 e 24
Decembro: o xoves, día 1



● BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "ROSALÍA DE CASTRO". SANTA CRUZ

Outubro: os mércores, días 19 e 26
Novembro: os mércores, días 2, 9, 16 e 23 e 30

● BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "MANUEL MARÍA". OLEIROS

Outubro: o martes, día 18
Novembro: os martes, días 15 e 29

● BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "Mª JOSÉ TRINCADO". MERA

Outubro: o xoves, día 13
Novembro: os xoves, días 10 e 24